

CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

### *Réxime xurídico de aplicación*

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.


Bases de Execución do Orzamento.

### I.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

O artigo 165 do TRLRFL, regula o contido dos orzamentos integrantes do orzamento xeral, establecendo no seu apartado 1, que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 1 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Pola súa parte, o artigo 3 da LOEPSF, regula o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEPSF, regula a Regra de gasto, establecendo que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, nos requirimentos de información, establece que no prazo fixado, antes do 31 de xaneiro, remitiranse os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar no exercicio e no tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento (PAIF), e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Achegarase igualmente a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, SEC-2010.


O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda.

O artigo 15 da LOEPSF, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, coa proposta do Ministro de Facenda e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

O artigo 13 da LOEPSF, instrumenta o principio de estabilidade financeira, fixando o límite do volume de débeda pública, definida de acordo co Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, do conxunto de Administracións Públicas non poderá superar o 60 por cento do Produto Interior Bruto nacional expresado en termos nominais, ou o que se estableza pola normativa europea.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 2 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

Este límite distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes, expresados en termos nominais do Produto Interior Bruto nacional: 44 por cento para a Administración central, 13 por cento para o conxunto de Comunidades Autónomas e 3 por cento para o conxunto de Corporacións Locais.

*Obxectivos previstos para o ano 2025.*

#### Estabilidade Orzamentaria

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2024 en equilibrio ou superávit e formar o do ano 2025 con igual criterio.


#### Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	0,00%	0,00%	0,00%

Non aplicable a esta data



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 3 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

**Regra de gasto**

En canto ao teito de gasto, a evolución do mesmo será a recomendación da Comisión Europea a España, pola cal se pide que sexa do 2,6% do PIB como máximo para o ano 2024 e do 2,7% para o ano 2025.

A base de cálculo para a formación do Orzamento do ano 2025, é a Liquidación prevista para o ano 2024.

As taxas de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio y Empresa, publicadas no informe de situación da economía española, en base ao artigo 12.3 da LOEPSF .

A variación do gasto computable para todas as AAPP non poderá superar as taxas de referencia do PIB.

	2024	2025	2026
Regra de gasto para o conxunto das AAP	2,60%	2,70%	2,80%

A previsión do ano 2025, establécese sobre a liquidación prevista para o ano 2024, que forma parte da información que contén o expediente do Proxecto do Orzamento na carpeta “Avance da Liquidación do Grupo”.


**Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo**

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

Non aplicable a esta data



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 4 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

**Endebedamento**

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.

Ao peche do ano 2023, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 107,7%, do que, o 22,2% corresponde ás CCAA e o 1,56% ás EELL.

**Obxectivo**

	<b>2024</b>	<b>2025</b>	<b>2026</b>
Sector público			
Subsector local	1,40%	1,30%	1,30%
Conxunto das AAPP	106,30%	105,40%	104,40%
Débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, % do PIB			

**Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo**

	<b>2025</b>	<b>2026</b>	<b>2027</b>
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%


Non aplicable a esta data

Diferencias en relación co Marco Orzamentario 2025-2027.

En todo caso, vaise a manter o criterio de aprobar o Orzamento en equilibrio, tanto nos termos do TRLRFL como da Lei Orgánica 2/2012.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 5 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

ESTADOS CONSOLIDADOS, INCLUÍNDOS AS FUNDACIÓNS DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN										
Capítulo	GASTOS			INGRESOS			DIFERENCIAS		DIFERENCIAS	
	Marco Orza.	Liñas Fund.	Prox.Orzamt.	Marco Orza.	Liñas Fund.	Prox.Orzamt.	GASTOS		INGRESOS	
							Desv. Mar.Orz	Desv. L.Fundam	Desv. Mar.Orz	Desv. L.Fundam
1	85.058.139,79	86.703.986,35	86.303.308,24	120.346.055,30	122.496.937,00	123.381.301,49	1.245.168,45	-400.678,11	3.035.246,19	884.364,49
2	163.046.977,67	162.216.603,23	165.822.703,90	11.195.856,54	11.890.366,48	11.620.105,44	2.775.726,23	3.606.100,67	424.248,90	-270.261,04
3	52.032,65	51.780,00	51.780,00	45.841.922,88	46.041.989,10	48.521.950,77	-252,65	,00	2.680.027,89	2.479.961,67
4	32.519.258,02	33.514.350,46	33.851.350,46	113.882.893,65	122.964.842,59	124.005.970,81	1.332.092,44	337.000,00	10.123.077,16	1.041.128,22
5	600.000,00	600.000,00	600.000,00	5.972.080,00	5.759.000,00	5.809.000,00	,00	,00	-163.080,00	50.000,00
6	32.992.702,76	45.434.379,62	44.644.462,86	0,00	0,00	0,00	11.651.760,10	-789.916,76	,00	,00
7	3.388.197,47	3.899.089,04	3.345.680,80	18.100.000,00	20.948.553,53	18.960.433,35	-42.516,67	-553.408,24	860.433,35	-1.988.120,18
8	532.000,00	532.000,00	532.000,00	2.850.500,00	2.850.500,00	2.852.524,40	,00	,00	2.024,40	2.024,40
Total	318.189.308,37	332.952.188,70	335.151.286,26	318.189.308,37	332.952.188,70	335.151.286,26	16.961.977,89	2.199.097,56	-16.961.977,89	2.199.097,56


**GASTOS**

En relación cos gastos de persoal, a variación en relación co marco orzamentario, está na creación de 18 novas prazas, non previstas nin na formación do Marco orzamentario nin nas liñas fundamentais do Orzamento 2025.

No capítulo 2, a diferenza está tanto na comparativa co marco orzamentario como coas liñas fundamentais. A causa máis relevante, é a subida no prezo tonelada no tratamento de residuos en SOGAMA, o cal xustifica un crecemento do 2,4 millóns, o resto, son diferencias no custe dos contratos, onde destacamos: o Contrato de retirada e custodia de vehículos, incremento 620.482 euros, Contrato de marcas e vías, incremento 150.000 euros, conservación rede semaforica, incremento 100.000 euros, redacción de proxectos, incremento 206.000 euros, xestión valoración integral de residuos, incremento de 3.833064 euros, vertido lixo en SOGAMA, incremento 2.414.455 euros, limpeza e desbroces non previstos no contrato, incremento 150.000 euros, contrato de mantemento de túneles, incremento 492.313 euros, vixilancia e socorrismo en praias, incremento de 125.000 euros, servizo de asistencia en CEDRO, incremento de 162.725 euros, programa aulas internacionais, incremento 300.000 euros, programa de exposicións, incremento 110.000 euros, campamentos de verán, incremento 142.000 euros, mantemento instalacións deportivas, incremento de 150.000 euros, seguros de responsabilidade civil, incremento de 192.000 euros, limpeza de instalacións municipais, incremento de 200.000 euros, conservación de dependencias municipais, incremento de 241.000 euros, mantemento e actualizacións de aplicativos informáticos, incremento 200.000 euros. Como axustes negativos, o máis salientable, é o menor custe no subministro eléctrico, diminución de 3.667.407 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 6 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

Capítulo 4 de gastos, a diferenza en relación co marco orzamentario, se detalla como segue:

Aumento de axudas a familias en fondos de emerxencia, incremento de 100.000 euros, incremento nas axudas á agrupación centros deportivos e culturais en 100.000 euros, incremento de 750.000 euros, as axudas aos usuarios do TUC, evento Marisqueño, incremento de 342.000 euros.

En relación co capítulo 6 a variación é moi salientable en relación co marco orzamentario, onde estaban incluídas as obras de Balaídos nunca contía moi inferior ca prevista no convenio asinado. Tampouco estaban os convenios coa Deputación de Pontevedra en relación coas obras de humanización de San Roque, Gregorio Espino-Ruiseñor, por 2.271.099,82 euros, a de J.Benavente-Torrecedeira, por 1.148.557,71 euros, nin de P. Colmeiro-Cunqueiro-Tarragona, por 1.918.713,53 euros.

#### INGRESOS

No capítulo 1, os incrementos importantes son os que reflicten a variación nas entregas a conta do IRPF, que incrementa un 13,1% en relación co ano 2024, que supón 2.065.675 euros, a variación no IBI, IAE, IVTM e IIVTNU, coa aplicación dunha actualización do 4% nas O. Fiscais, que supón un incremento de 3.902.796 euros.

No capítulo 2, a variación ven determinada pola variación no ICIO, cuxa base son os ingresos do ano 2024 e a previsión co PXOM para o ano 2025, e polos axustes no IVE e II.EE.


No capítulo 3, as variación son importantes, tanto en relación co marco orzamentario como coas liñas fundamentais do orzamento, a diferenza está xustificada na variación da Ordenanza Fiscal polos custes de tratamento en SOGAMA, que supón unha variación de 2.884.000 euros.

Capítulo 4, a variación mais relevante, é co marco orzamentario, onde se prevía unha actualización do FCF do 2%, cando finalmente foi do 13,1% e tampouco se prevía unha liquidación tan positiva do ano 2023, a variación do FCF é de 13.835.149 euros, e a liquidación do ano 2023, unha vez coñecida a contía que informou o Ministerio de Facenda, é de 8.366.000 euros.

En relación co capítulo 7, a variación é negativa, prevíase maior contía nas achegas de capital, xa que se estaba a estimar, que se mantería o convenio de financiamento anual coa Deputación de Pontevedra para o ano 2025, a esta data, non hai nada asinado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 7 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

*Taxas de referencia de 2025.*

Ao ser rexeitado polo Congreso en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello, que son os que se reflicten nos parágrafos precedentes.

O Ministerio de Facenda xa fixou a evolución dos ingresos a conta do ano 2025 así como a contía da Liquidación do ano 2023.

O subsector local queda sometido a un obxectivo de superávit, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsector local, e liquidar o Orzamento do ano 2024 en equilibrio ou superávit.

En canto ás previsións do ano 2025, non se establece a priori unha ratio de inexecución, vaise a tramitar e aprobar un orzamento en equilibrio, o superávit virá determinado pola inexecución que se produza así como pola aplicación da neutralidade dos FMRR.

Ao marxe de estar determinadas unhas taxas de referencia do déficit/superávit, as EE.LL sempre teñen que dar cumprimento ao equilibrio orzamentario que está vixente en aplicación do previsto no artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de tal forma que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, e ao principio de responsabilidade fiscal ao que se refire o artigo 8 da LOEOSF e o resto da normativa hacendística.


En relación co teito de gasto, os ingresos non financeiros marcarán ese teito de asignación de recursos, debéndose dar cumprimento aos seguintes equilibrios:

- a necesaria nivelación orzamentaria requirida polo TRLRHL en canto ao total dos ingresos e gastos (capítulos I a IX)
- e a nivelación dos ingresos correntes para absorber os gastos correntes e a amortización de débeda do exercicio (se é o caso).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 8 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

- A nivelación en termos de estabilidade, que a suma dos capítulos 1 ao 7 de ingresos sexa maior ou igual que a dos capítulos do 1 ao 7 gastos cos axustes que estean previstos na normativa vixente.

*Análise xeral en relación aos ingresos.*

As ordenanzas fiscais tiveron revisión de tipos, polo que as variacións que se produzan, con signo positivo, teñen orixe nas variacións tendenciais que marca cada ano a conxuntura económica e na revisión das Ordenanzas.

En relación coa variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), a esta data a publicación feita polo Ministerio de Hacienda en relación coas entregas a conta no ano 2025, serán as seguintes:

Con data 15/07/2024, a Ministra de Facenda informou que as EELL no ano 2025, recibirán polas entregas a conta un 13,1% máis que as entregas do ano 2024, que xa foron regularizadas e que se están ingresando nas entregas de setembro a decembro.

Neste incremento do 13,1% non se está a computar a Liquidación definitiva do ano 2022, por 4.785,1 millóns da que o Concello foi receptor de 19.603.372,12 euros, e a anunciada do ano 2023, que ascenderá a 2.042 millóns de Euros, e que segundo os cálculos feitos segundo o reparto da liquidación do ano 2022, ao Concello de Vigo lle corresponde 8,4 millóns.

A cesión por IRPF, IVE , II.EE e FCF, van a actualizarse segundo a regularización do ano 2024:

**2024**


	IRPF	IVA	Alcohol	Prd.intermed.	cerveza	Tabaco	Hidrocarburos	FCF	Total
actualizada/año	9.033.448,71	5.830.382,05	49.727,79	2.091,37	29.244,24	434.051,15	1.010.034,29	86.337.217,40	102.726.197,00

**2025**

				2025	13,10 %				
	IRPF	IVA	Alcohol	Prd.intermed.	cerveza	Tabaco	Hidrocarburos	FCF	Total
Ingresos a conta	10.216.830,49	6.594.162,10	56.242,13	2.365,34	33.075,24	490.911,85	1.142.348,78	97.647.392,88	116.183.328,81
Liquidación 2023									8.367.490,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 9 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Así mesmo, faise unha previsión de ingreso pola contía da bonificación do Transporte Urbano que regula o Rd-lei 11/2022 e acordos que prorrogan a bonificación até o 31 de decembro do 2024, que o Concello adianta e paga con cargo ao seu orzamento e liquidará o Ministerio con posterioridade. A contía reflicte unha estimación referida ao último trimestre do ano 2024.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior coa previsión de liquidación. A achega polo fondo de cooperación local, está a manter a mesma contía dende hai 10 anos.

Non se cuantifica importe algún en relación coa achega que poida facer a Xunta de Galicia no Fondo adicional de Cooperación Local para sufragar unha parte do incremento do custe de tratamento dos residuos urbanos.

As contías e porcentaxes, figuran no informe económico de ingresos.


**Financiamento finalista**

Concepto	Proxecto	SUBVENCIONS DE CAPITAL	2025
72091	23153291	Humanización Avd. De Madrid. MITMA	6.100.000,00
75030	24432050	PSTD Bouzas, FMRR, xestión Xunta de Galicia*	649.400,00
75000	24151010	Edificio Esturáns alugueiro social, Xunta de Galicia	974.145,24
76123	25153208	Hum. S. Roque entre G. Espino e Ruiseñor, Deputación	1.569.494,74
76126	25153913	Vigo Vertical, P. Colmeiro Cunqueiro- Tarragona, Deputación	1.918.713,53
76127	25153912	J. Benavente Torrecedeira, Deputación	759.325,29
76110	14933010	Grada Gol Balaidos, Deputación	6.576.154,55
Total			18.547.233,35 *

C Orzament.	Aplicación gasto	Finalidade	Importe
42090	4411.4700001	Subvención ao Transporte Urbano Colectivo	1.592.079,82
42091	4411.4700001	Bonificación 30%, 2º semestre 2024	500.000,00
45002	2310.2279901	Lei de Dependencia, SAF	7.875.000,00
45003	3112.2279904	Programa Drogodependencia, CEDRO	541.039,00
45030	3230.2279904,5,6,7,8,12,13,14,15	Subvención EIM	572.914,00
75030	2270603, proxecto 25432050	Plan de residuos diferenciado PSTD; BOUZAS, FMRR	197.000,00
45061	Proxecto 18151016	Redacción Plan Xeral de Ordenación Municipal	205.700,00
75030	2279910, proxecto 25432050	Transición dixital, PSTD; BOUZAS, FMRR	215.600,00
Total			11.699.332,82



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 10 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

### II.- ANÁLISE ECONÓMICO XERAL DO ESTADO DE GASTOS

A análise vaise facer para os estados consolidados co criterio de consolidación do TRLRFL, é dicir, entidades con Orzamento limitativo: Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, se prexuízo da incorporación ao informe das magnitudes que representan as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación nos termos que regulamenta a Lei Orgánica 2/0012.

O estado de gastos das operacións correntes non financeiras da Entidade ten unha variación positiva do 5,58% en relación co ano anterior, os estados consolidados, crecen un 5,68%.

No capítulo 2, as diferencias máis salientables están son as seguintes: o Contrato de retirada e custodia de vehículos, incremento 620.482 euros, Contrato de marcas e vías, incremento 150.000 euros, conservación rede semaforica, incremento 100.000 euros, redacción de proxectos, incremento 206.000 euros, xestión valoración integral de residuos, incremento de 3.833064 euros, vertido lixo en SOGAMA, incremento 2.414.455 euros, limpeza e desbroces non previstos no contrato, incremento 150.000 euros, contrato de mantemento de túneles, incremento 492.313 euros, vixilancia e socorrismo en praias, incremento de 125.000 euros, servizo de asistencia en CEDRO, incremento de 162.725 euros, programa aulas internacionais, incremento 300.000 euros, programa de exposicións, incremento 110.000 euros, campamentos de verán, incremento 142.000 euros, mantemento instalacións deportivas, incremento de 150.000 euros, seguros de responsabilidade civil, incremento de 192.000 euros, limpeza de instalacións municipais, incremento de 200.000 euros, conservación de dependencias municipais, incremento de 241.000 euros, mantemento e actualizacións de aplicativos informáticos, incremento 200.000 euros. Como axustes negativos, o máis salientable, é o menor custe no subministro eléctrico, diminución de 3.667407 euros

O incremento deste capítulo é do 3,55% na Entidade e de 3,77% nos estados consolidados.


O capítulo 1, gastos de persoal, ten unha variación do 2,98% en termos consolidados, reflectindo una previsión na actualización retributiva do 2% máis outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período. Ademais, tamén se crearon 18 prazas novas.

As variacións nos empregos correntes non financeiros é do 3,60% na Entidade e do 3,71% nos estados consolidados.

En canto as operacións de capital, a súa variación é dun 20,33% no Orzamento da Entidade e dun 19,21% nos estados consolidados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 11 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

A variación total do orzamento en relación co ano 2024, é do 5,58% na Entidade Local e dun 5,68% nos estados consolidados.

Están incluídos no proxecto, os convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra tanto de infraestrutura viaria como da grada de Gol de Balaidos e o convenio co MITMA en relación coa Avd. De Madrid, o convenio

**III.- ANÁLISE FUNCIONAL DO GASTO.**

Os créditos ordénanse segundo a súa finalidade, con arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gastos, grupos de programas e programas. A análise que se achega o fai a nivel políticas de gasto, por conformar uns empregos homoxéneos que posibilita determinar de xeito inequívoco para que se gasta. A información está a reflectir os estados consolidados.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo a información funcional, que é consolidada.

O expediente artellouse de acordo cos requirimentos que establece TRLRFL, é dicir, completos, pero aínda así, considérase necesario para facilitar a transparencia dos datos, a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise comparativa.

Área de gasto 1, reflicte todos os empregos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios.

Nesta área de gasto hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente.


A área 1, ten un crecemento dun 0,35% nos estados consolidados.

Os servizos públicos básicos que reflicte está área son: a) os servizos de Seguridade e Orde Público, b) Servizos de extinción de incendios, c) xestión e tratamento de residuos, d) limpeza viaria, e) urbanismo, f) medio ambiente, g) servizo de alumeado, h) mantemento de parques e xardíns, parques infantís, espazos forestais e vías públicas. Os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica da entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadás e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Área de gasto 1, representa o 49,32% do gasto dos estados consolidados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 12 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

A Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social (Benestar Social e Igualdade). Nesta área, están as becas de comedor, axudas para libros, axuda para alugueiros, alimentos, axudas a familias e fondo de emerxencia para desafiuzamentos e políticas de igualdade de xénero, servizo de axuda no fogar, centro de servizos sociais.....

Esta área crece un 1,54% nos estados consolidados e representa o 9,01% do orzamento consolidado.

A Área de gasto 3, onde está cultura, educación, deportes, ocio, VigoZoo., crece, un 4,46%, e representa un 17,40% nos estados consolidados.

A táboa que se amosa, reflicte a contía dotada nas políticas de gasto de acordo ao contido da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a contía.

Políticas de gasto dos estados consolidados con orzamento limitativo.

A análise faise por políticas, representan un contido funcional amplo, e posibilitan facer unha avaliación de fondo, ao marxe do seu rexistro final en grupos de programas ou programas. ¿en que se gasta?, ¿para que se gasta?.

Área de Gasto 4, reflicte as actuacións de carácter económico, onde está comercio, turismo, mercados, transporte urbano colectivo.

Esta Área crece un 1,60% nos estados consolidados e representa o 7,49% sobre o orzamento consolidado.


Área de gasto 9, reflicte as actuacións de carácter xeral, Administración Xeral, Órganos de goberno, Participación cidadá, Administración electrónica, Patrimonio e toda a Administración financeira e tributaria, así como, as transferencias a outras administracións públicas.

Esta área crece un 33,42% nos estados consolidados e representa o 16,77% sobre o orzamento consolidado. O investimento no estadio de Balaídos, representa o maior investimento de esta Área.

Aos efectos de ver a variación, amósase a táboa coas políticas de gasto, que permiten unha análise máis detallada que a da Área. Para maior desenvolvemento, xa está o orzamento por programas, que é o máximo nivel de desagregación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 13 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Estado de gasto consolidado por políticas.


Política pública	Concepto	Importe ano 2024	Ano 2025	Var.%
01	Débeda	,00	,00	0,00%
13	Mobilidade e seguridade cidadá	43.437.553,13	45.157.766,09	3,96%
15	Vivenda e urbanismo*	44.638.634,68	39.034.782,94	-12,55%
16	Benestar comunitario	58.992.189,59	63.405.512,24	7,48%
17	Medio ambiente	17.389.538,04	17.439.743,11	0,29%
22	Outras prestacións a favor dos empregados	1.401.259,85	1.434.638,01	2,38%
23	Servizos sociais e promoción social	23.088.965,20	23.647.054,93	2,42%
24	Fomento de emprego	5.201.997,16	5.212.586,00	0,20%
31	Sanidade	2.388.793,87	2.576.404,34	7,85%
32	Educación**	18.372.806,18	18.147.298,23	-1,23%
33	Cultura	17.014.449,47	18.544.050,00	8,99%
34	Deporte	17.973.019,68	18.968.678,54	5,54%
43	Comercio e Turismo	7.374.800,93	8.216.101,99	11,41%
44	Transporte Público***	17.141.304,88	16.692.000,00	-2,62%
49	Outras actuacións de carácter económica	152.976,95	155.872,94	1,89%
91	Órganos de Goberno	5.974.447,05	6.003.101,32	0,48%
92	Servizos de carácter xeral	23.690.965,59	24.144.072,10	1,91%
93	Administración tributaria y financeira****	11.915.592,27	25.336.312,73	112,63%
94	Transferencias a outras admón. públicas	487.015,20	500.000,00	2,67%
Total		316.636.309,72	334.615.975,51	5,68%

\* Urbanismo aumentou en 764.672,58 euros. Fomento diminuíu, a Addenda de ADIF, so referenciaba o remate das obras do túnel de saída e modificado do proxecto da estación do AVE, que supón unha variación de (3.346.801,12 euros). Non hai convenio coa Deputación sobre renovación de firmes, no que o Ente Provincial financiaba 1.600.000 euros. Tampouco hai plan de investimentos co Ente Provincial.

A diminución no programa 1532 é de 5.603.851,74 euros. Este programa xuntamente co 1539, son inversores, polo que, calquera remate dun proxecto relevante, supón unha variación interanual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 14 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

\*\* Diminúe o gasto en subministro eléctrico en (492.500 euros) e o contrato de vixilancia e pequeno mantemento que estaba dotado a prezo de licitación, foi adxudicado con menor prezo, a variación é de (148.500 euros)

\*\*\* Dotábase unha contía para a compensación pola emerxencia sanitaria que xa foi tramitada no ano 2024, polo que non procede a súa dotación no ano 2025, estando prevista a contía suficiente para afrontar o custe do servizo.

\*\*\*\* A variación correspóndese coa anualidade da Grada de de Gol.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados (entes con orzamento limitativo), establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2024.

A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilite unha visión concluínte, tendo en conta os estados comparativos.

As variacións tanto en termos de áreas de gasto como de políticas, están reflectidas no informe, non merecendo máis detalle que o xa documentado.

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2025 E COMPARATIVA CO ANO 2024, ENTIDADE

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2025	Variación %	Importe 2024	Importe 2025	Variación %
1	76.830.624,27	79.176.245,70	3,05%	117.410.785,66	123.381.301,49	5,09%
2	157.201.477,42	162.779.405,69	3,55%	10.922.786,87	11.620.105,44	6,38%
3	50.530,00	50.530,00	0,00%	42.799.307,02	46.054.040,02	7,60%
4	39.058.535,66	40.981.350,46	4,92%	123.856.742,57	123.650.270,81	-0,17%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	5.404.000,00	5.404.000,00	0,00%
Operc. Corr.N.F	273.741.167,35	283.587.531,85	5,30%	300.393.622,12	310.109.717,76	10,88%
6	36.049.858,26	43.379.030,02	20,33%	,00	,00	0,00%
7	939.850,05	1.129.444,00	20,17%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
Operac. Cap.N.F	36.989.708,31	44.508.474,02	29,65%	10.337.253,54	17.986.288,11	73,99%
8	500.000,00	500.000,00	0,00%	500.000,00	500.000,00	0,00%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
Total	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%	311.230.875,66	328.596.005,87	5,58%

Informe económico de gastos, Orzamento Grupo Concello de Vigo para o ano 2025


15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 15 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		







CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

A variación no capítulo 1, ten causa na actualización estimada do 2,00% máis o 0,5% que se devenga pola Resolución de 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, para o suposto de que o IAPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período así como, pola creación de 19 novas prazas (SPEIS, 2 prazas de Sarxento, 2 de cabo, 1 suboficial, 4 bombeiros, 2 condutores bombeiros, 4 Diplomados en traballo Social en Benestar Social, 1 Diplomado en traballo Social en Igualdade, 1 Técnico de Sistemas para Administración electrónica compartido co Servizo de Contabilidade, 1 Técnico de Administración xeral, rama económica no Servizo de Recadación, 1 auxiliar administrativo para Asesoría Xurídica) e amortización de unha praza de oficial almaceneiro e un auxiliar administrativo.

O capítulo 2 ten unha variación do 3,77%, é a do capítulo 6, un 19,28%. En ambos casos, serán obxecto de avaliación en epígrafes posteriores neste informe, aínda que a causa, non é outra que as variacións tan importantes que están a ter os novos contratos, e o impacto que ten a variación de prezos nos mesmos, así como, aquelas prestacións cuxa intensidade dependen doutra administración, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

No seguinte cadro vaise amosar a variación dos últimos anos das Operacións Correntes Non Financeiras, que xeran o superávit para o financiamento dos empregos de capital.


A análise faise para os estados consolidados, eliminando así o sesgo que se puidese incorporar pola variación dos Organismos Autónomos, aínda que estes tiveron a súa integración nos orzamentos do ano 2016, avalíase igualmente o superávit corrente.

O orzamento da Entidade, reflicte a totalidade do gasto tanto da Entidade como o dos Organismos Autónomos disoltos (IMD, Vigo ZOO e EMAO), integrados con programa propio e de xestión centralizada, polo que, os custes do servizo de persoal, contratación, contabilidade, fiscalización, secretaria, orzamentario, tesourería e demais que se consideran transversais ou mediais, pasaron a ser desenvolvidos polos servizos municipais, o que supón un aforro na estrutura de custes.

Empregos	Anos							Total
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	
GNF.Correntes	-225.740.718,00	-234.257.885,39	-236.194.023,26	-243.387.459,86	-261.811.089,30	-275.847.047,97	-286.093.831,85	-26,74%
INF. Correntes	240.334.548,19	248.500.148,89	252.547.674,79	261.322.088,36	273.226.996,75	302.669.702,97	312.803.017,76	30,15%
<b>Superávit Corr.</b>	<b>14.593.830,19</b>	<b>14.242.263,50</b>	<b>16.353.651,53</b>	<b>17.934.628,50</b>	<b>11.415.907,45</b>	<b>26.822.655,00</b>	<b>26.709.185,91</b>	<b>,00</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 17 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

O superávit está condicionado pola Liquidación na cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento do ano 2023, que está previsto en 8,4 millóns. Como se reflicte na táboa, mantense o superávit do ano 2024 para o financiamento de investimentos.

#### FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

##### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)


CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	354.062,00	362.913,00	2,50%	Ingresos actividade	5.000,00	2.500,00	-50,00%
Cons. eléctrico	155.242,00	120.000,00	-22,70%	Subv. doazóns	975.000,00	900.000,00	-7,69%
Exposicións	145.631,00	76.337,00	-47,58%	Achegas usuarios	12.000,00	13.000,00	8,33%
Compra de obra	,00	,00	0,00%	Cursos	25.000,00	25.000,00	0,00%
Outros g. Activ.	364.815,00	408.000,00	11,84%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	25.000,00	150,00%
G.Financeiros	1.250,00	1.250,00	0,00%	Alugueiros	20.000,00	29.000,00	45,00%
Amortiza. Inmv.	26.000,00	26.000,00	0,00%	Agrupación amiga			
<b>Total</b>	<b>1.047.000,00</b>	<b>994.500,00</b>	<b>-5,01%</b>		<b>1.047.000,00</b>	<b>994.500,00</b>	<b>-5,01%</b>

A variación que amosa o capítulo 1 no seu anteproxecto, é do 2,31%, no entanto, o persoal ao servizo do sector público, tendo en consideración o previsto nos acordos adoptados para o ano 2024, prevé unha actualización do 2% fixo, máis o 0,5% variable, si se cumpren as condicións.

##### CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2025	Variación		Importe 2024	Importe 2025	Variación
G. Persoal	196.559,32	209.108,93	6,38%				
Cons. e gast. xestión	43.500,00	35.900,00	-17,47%	Subv. doazóns	212.000,00	225.000,00	6,10%
Publ.mat. Promoc.	6.000,00	6.000,00	0,00%	Achegas socios	15.250,00	15.810,75	0,96%
Acc. promoción	250.575,68	259.186,82	3,44%	Out. ingresos	275.000,00	275.000,00	0,00%
P. outros entes	5.615,00	5.615,00	0,00%				
Operac. N.F	502.250,00	515.810,75	2,70%	0	502.250,00	515.810,75	0,00%





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

**IV.- CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL grupo de consolidación.**

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2025	Total 2024	Variación
1	79.176.245,70	6.555.040,91	362.913,00	209.108,93	86.303.308,54	83.791.753,41	2.511.555,13

Este Capítulo reflicte a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no grupo Concello de Vigo, segundo o criterio da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Reflicte tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador vixente dos traballadores ao servizo do grupo Concello de Vigo.

No Programa 9120, reflíctense as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais. Estas dotacións están reflectidas nas partidas 1000000, 1100000 e 1600001. Están dotados para todo o ano as prazas vacantes que figuran na plantilla vixente. Tamén os custes da Seguridade Social.

Figuran neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego de inserción, así como os programas de inserción laboral que figuran no programa 2410. No programa 9200, están dotados os gastos para outras modalidades de contratación.

Esta capítulo está a reflectir o plan de estabilización de emprego .


No programa 2210, dótase o Fondo Social, o Seguro colectivo de vida e accidentes, a asistencia médica do persoal e a achega municipal ao Fondo de Pensións.

En canto á formación, salvo os plans de formación anual, que se dota no programa 9201, as demais, cada programa ten a súa propia dotación, que ten por finalidade a de facer fronte aos gastos de inscrición nas xornadas ou cursos específicos.

No programa 1320, Policía Local e no 1360 Servizo de Extinción de Incendios, tamén se dotan as partidas 1500000 e 1510000, para dar cobertura a este tipo de retribucións variables, sendo posible o seu aumento polos recursos dispoñibles das prazas vacantes dos devanditos programas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 19 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

As modificacións orzamentarias para incrementar a dotación destas partidas, terán que ser necesariamente de baixas de prazas non ocupadas nos respectivos programas orzamentarios.

Hai prazas vacantes dotadas orzamentariamente para todo o ano que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais ou estando asociadas a OEP aprobadas non executadas, poderán conformar recursos para aumentar, se fose necesario, as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.

En relación coa posibilidade de tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar as aplicacións orzamentarias referenciadas co financiamento dos recursos xerados polas prazas vacantes, pódense tramitar sempre dispoñendo dos recursos que non foron dispostos no tempo, é dicir, unha vez rematado o prazo de tramitación de incidencias, día 12 de cada mes, poderíase dispor do saldo dispoñible de ese período, coa excepción da do mes de xaneiro, que podería ser a partir do día 4.


En todo caso, cada ano, na formación do proxecto de gastos do capítulo 1, deberase acometer a racionalización da plantilla, facendo a amortización das prazas que non poden ser incluídas en ningunha OEP ou transformándoas na modificación da RPT para axustar a estrutura da plantilla ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración electrónica, o saldo restante, destinarase a dotar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, e as partidas de natureza económica 1500000 e 1510000 coas estimacións anuais de gasto.

A dotación prevista para o capítulo 1 no orzamento do ano 2025, experimenta unha variación respecto da do ano 2024 do 2,98% en termos consolidados, sendo a causa, unha previsión na actualización retributiva do 2% fixo máis o 0,5% que se devenga pola Resolución de 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, para o suposto de que o IAPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período, así como, pola creación de 19 novas prazas (SPEIS, 2 prazas de Sarxento, 2 de cabo, 1 suboficial, 4 bombeiros, 2 condutores bombeiros, 4 Diplomados en traballo Social en Benestar Social, 1 Diplomado en traballo Social en Igualdade, 1 Técnico de Sistemas para Administración electrónica compartido co Servizo de Contabilidade, 1 Técnico de Administración xeral, rama económica no Servizo de Recadación, 1 auxiliar administrativo para Asesoría Xurídica) e amortización de unha praza de oficial almaceneiro e un auxiliar administrativo.

En relación coa Taxa de Reposición de Efectivos, mantense o previsto na Lei de Orzamentos do ano 2023, unha TRE do 120% para as EE.LL que tivesen amortizada a débeda financeira a 31/12/2022, e un 125% para a Policía Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 20 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Para calcular a TRE, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

No gasto orzamentado están incluídas as vacantes asociadas ás OEP aprobadas pendentes de executar.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron no transcurso do ano 2024, así como as vacantes que se foron producindo no período e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Concello-Pleno en sesión de data data 3 e 31 de xullo de 2023 coas actualizacións que se aplicaron aos empregados públicos.


Retribucións por dedicacións exclusivas e parciais.

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 75.547,80 euros/ano, actualizado para o ano 2025 co 0,5% adicional que se corresponde co ano 2024 máis o 2% previsto para o resto do persoal, 79.791,74 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 65.054,30 euros/ano, actualizado para o ano 2025 co 0,5% adicional que se corresponde co ano 2024 máis o 2% previsto para o resto do persoal, 68.684,28 euros/ano.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 21 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 44.914,84 euros/ano, actualizado para o ano 2025 co 0,5% adicional que se corresponde co ano 2024 máis o 2% previsto para o resto do persoal, 47.421,12. euros/ano.

Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Srs. Concelleiros, para o ano 2025, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos.

O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, dáse cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

Dedicacións exclusivas totais (10).

Ademais do alcalde-presidente, realizan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.


Dedicacións parciais (4).

1 Grupo Municipal do BNG.

4 Grupo Municipal Socialista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 22 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

Persoal eventual (20 prazas, delas, 3 vacantes).

Incluídas as que corresponden ao persoal dos grupos políticos municipais.

A1: 12 prazas, ocupadas 11.

C1: UNHA, praza ocupada.

C2: 7 prazas, das que DÚAS están vacantes.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (Orde EHA/3565/2008), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregación atendendo aos grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O devandito capítulo nos estados consolidados segundo o TRLRFL (Entidade máis Xerencia de Urbanismo), reflecte unha dotación orzamentaria de 85.731.286,61 euros, cunha variación do 2,98%.

Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento consolidado equivalente ao 25,62% e un 29,97% sobre os gastos correntes non financeiros.

**V.- CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.**

Capítulo	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2025	Total 2024	Variación
2	162.779.405,69	2.106.259,09	630.337,00	306.702,12	165.822.703,90	159.809.091,90	6.013.612,00

Xustificación das variación máis salientables:

Contrato de retirada e custodia de vehículos, incremento 620.482 euros,


Contrato de marcas e vías, incremento 150.000 euros,

Conservación rede semaforica, incremento 100.000 euros,

Redacción de proxectos, incremento 206.000 euros,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 23 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Xestión valoración integral de residuos, incremento de 3.833064 euros,  
Vertido lixo en SOGAMA, incremento 2.414.455 euros,  
Limpezas e desbroces non previstos no contrato, incremento 150.000 euros,  
Contrato de mantemento de túneles, incremento 492.313 euros,  
Vixilancia e socorrismo en praias, incremento de 125.000 euros,  
Servizo de asistencia en CEDRO, incremento de 162.725 euros,  
Programa aulas internacionais, incremento 300.000 euros,  
Programa de exposicións, incremento 110.000 euros,  
Campamentos de verán, incremento 142.000 euros,  
Mantemento instalacións deportivas, incremento de 150.000 euros,  
Seguros de responsabilidade civil, incremento de 192.000 euros,  
Limpeza de instalacións municipais, incremento de 200.000 euros,  
Conservación de dependencias municipais, incremento de 241.000 euros,  
Mantemento e actualizacións de aplicativos informáticos, incremento 200.000 euros.  
Como axustes negativos, o máis salientable, é o menor custe no subministro eléctrico, diminución de 3.667.407 euros.


Este capítulo reflicte os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio e desenvolvemento das actividades propias da Entidade Local, cuxa regulación está prevista no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ademais daquelas previstas no capítulo 25 da mesma norma e as desenvolvidas por delegación ou distintas das anteriores de acordo co previsto no artigo 7 da precitada norma.

De acordo ao previsto no artigo 7 da LRBRL, as competencias das Entidades locais son propias ou atribuídas por delegación. Só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 24 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II nos estados consolidados segundo o TRLRFL dos entes con orzamento limitativo, ascende a 164.885.664,78 euros, supón unha variación do 3,77% sobre orzamento do ano 2024, representa o 49,54% sobre o orzamento total e o 57,40% sobre os gastos correntes non financeiros.

As dotacións deste capítulo reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións de este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais naqueles casos que o PCAP tiña previsto esta posibilidade ou a previsión de crecemento por modificacións contractuais ou os novos contratos.

Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son: os de tratamento integral dos residuos urbanos, mantemento da rede semaforica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento de alumeadado público, mantemento da rede viaria, mantemento de túneles, pintado dos viarios, mantemento de cemiterios, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, escola de música tradicional, mantemento de colexios, mantemento de instalacións deportivas e culturais, prestación de servizos deportivos, cobertura de riscos, programas de metadona, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar, promoción económica da cidade, programas de inmersión lingüística, Programa socio-educativo de apoio familiar e alugueiros de bens inmóbeis servizos na caneira municipal.

En canto as subministracións, os máis representativos son: os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente reflectido neste capítulo, aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, deportivas, lúdicas, de xuventude, de igualdade, etc.


Este capítulo ten unha parte do seu financiamento con cofinanciamento doutros axente públicos.

A porcentaxe de financiamento alleo finalista é do 7,09% do capítulo II dos estados consolidados.

Empregos con financiamento afectado no capítulo 2.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 25 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

*Financiamento finalista do capítulo 2*

C Orzament.	Aplicación gasto	Finalidade	Importe
45002	2310.2279901	Lei de Dependencia, SAF	7.875.000,00
45003	3112.2279904	Programa Drogodependencia, CEDRO	541.039,00
45030	3230.2279904,5,6,7,8,12,13,14,15	Subvención EIM	572.914,00
75030	2270603, proxecto 25432050	Plan de residuos diferenciado PSTD; BOUZAS, FMRR	197.000,00
45061	Proxecto 18151016	Redacción Plan Xeral de Ordenación Municipal	205.700,00
75030	2279910, proxecto 25432050	Transición dixital, declara,PSTD; BOUZAS, FMRR	215.600,00
Total			9.607.253,00

**VI.- CAPITULO III.- GASTOS FINANCIEROS**

Este Capítulo inclúe os seguintes conceptos:

Xuros de préstamo a longo e corto prazo.

Xuros de demora.

Gastos de formalización.

Ao Capítulo III do estado de gastos consolidado segundo o TRLRFL se lle atribúe unha consignación de 50.530,00 euros para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías e para imputar os xuros xerados pola devolución de ingresos indebidos.

A dotación é testemuñal, sendo a súa finalidade a de manter unha aplicación aberta para acometer si fose o caso, unha modificación orzamentaria.


Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda tanto polos custes financeiros como pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha.

O capítulo 3 do estado de gastos non ten na práctica significado algún, non representado porcentaxe sobre os gastos correntes non financeiros nin sobre a totalidade do orzamento.

En canto aos estados consolidados segundo a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria, a contía deste capítulo é por 51.780 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 26 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

**VII.- CAPÍTULO IV.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CORRENTES.**

Capít.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2025	Axus consolidación	Total 2025
4	40.981.350,46	,00	,00	5.615,00	40.986.965,46	-7.130.000,00	33.856.965,46

A Relación de transferencias e subvencións xa se reflicte na documentación que conforma o expediente do Orzamento, non obstante, faise unha relación por programas orzamentarios dos estados consolidados.

Gasto do capítulo 4 a Sistemas de financiamento.

Aplicación	Emprego	Importe
3330.4890000	Fundación Liste	125.000,00
3330.4890001	Fundación Laxeiro	95.000,00
3410.4890002	Fundación Vide	125.000,00
9420.4630000	Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	180.000,00
9420.4680000	Entidade Menor de Bembrive	320.000,00
Total		845.000,00


Transferencias ao grupo de consolidación

Aplicación	Emprego	Importe
1510.4100000	XERENCIA Municipal de Urbanismo	6.155.000,00
3330.4890003	Fundación MARCO	750.000,00
4320.4890000	Fundación C.BUREAU	225.000,00
Total		7.130.000,00

A contía prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes para o ano 2025 é de 40.981.350,46 euros, cunha variación do 4,92% en comparación co orzamento anterior



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 27 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

e unha ponderación no total de gastos do 12,47%, e do 14,45% sobre os gastos correntes non financeiros da Entidade.

Nos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, que se elimina no proceso de consolidación.

Nos estados consolidados, a contía é de 34.826.350,46 euros, cunha variación en relación co ano anterior do 5,36%. Este capítulo representa un 10,41% sobre o total do orzamento e un 12,17% sobre o gasto corrente non financeiro.

A contía máis relevante é a destinada a subvencionar os distintos títulos de uso do transporte urbano colectivo, nos que o Concello financia unha porcentaxe da tarifa, aínda que esa porcentaxe é distinta en relación cos perfís, sendo o financiamento do 100 por 100, entre outros para pensionistas R < SMI.

Na relación que se achega, ao ser dos estados consolidados, non figura a transferencia á XMU, cuxa información xa se relacionou nas transferencias de financiamento aos entes dependentes que forman parte do grupo de consolidación.

*Financiamento finalista do capítulo 4*


Aplicación	Proxecto	Emprego	Adm.Central
4411.4700001		Transporte Público Colectivo (TUC). Subvención anual	1.592.079.82
4411.4700001		Bonificación do 30% Transporte Público Colectivo (TUC).	500.000.00

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as dotacións para as seguintes finalidades:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta PASVIGO e outras tarxetas subvencionadas, polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 28 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

- Transferencia a Mancomunidade de Municipios.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, Festas, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego e para a creación de empresas.
- Transferencias nominativas para eventos e determinados clubs de elite.
- Transferencia nominativas Cultura, Festas, Participación Cidadá, Benestar Social....
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias ás Fundacións: MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO, CONVENTIUN BUREAO.
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Convocatoria de axudas ONG.
- Convenio UNED.
- Becas de libros e comedor.


O principio xeral das subvencións, é o de concorrencia competitiva, se se ten en consideración a contía do capítulo 4 dos estado consolidados, onde se ten deducido a contía da transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo, que ascende a 34.826.350,46 millóns, a contía das subvencións nominativas que se reflicten no orzamento consolidado é por unha contía de 6.228.789,31, onde está o Marisquiño por unha contía de 1.342.000 euros, ou o convenio con FOANPA por unha contía de 642.405,31 euros, a porcentaxe de libre concorrencia é maioritaria, aínda que, habería que tender a convocatorias en concorrencia competitiva limitada por sectores, porcentaxe de subvencións nominativas 17,89% da contía deste capítulo.

**RELACIÓN DE TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES , ORZAMENTO ENTIDADE 2025**

No estado que se achega, non se inclúe a transferencia de financiamento ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, xa que no proceso de consolidacións dos entes con orzamento limitativo, a contías que se transfiren os entes do grupo, elimínanse, en caso contrario, estaríanse a computar como gasto de transferencia na Entidade Matriz e como ingreso de transferencia no Organismo Autónomo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 29 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

A información que se achega nesta táboa, correspóndese co capítulo 4 dos estados consolidados, as subvencións nominativas, reflíctense na información contida no arquivo de subvencións nominativas.


Programa	Código	Importe
Seguridade e tráfico	1330	5.000,00
Fomento	1532	205.000,00
Acción Social	2310	4.265.833,00
Igualdade de xénero	2311	477.800,00
Emprego	2410	2.008.000,00
Cedro	3112	115.151,00
Servizos Educativos	3230,3231,3260	1.273.905,31
Área Cultura	3330,3331,3340	2.649.700,00
Normalización lingüística	3341	10.000,00
Patrimonio Histórico	3360	78.650,00
Xuventude	3370	149.000,00
Festas	3380	802.900,00
Deportes	3410	3.780.500,00
Comercio	4310	200.000,00
Turismo	4320	760.000,00
Transporte Público	4410	16.600.000,00
Outros transportes de viaxeiros	4412	25.000,00
Área Alcaldía	9120	457.311,15
Participación Cidadá	9240	462.600,00
Transf. Administracións (MAIV, E.Men)	9420	500.000,00
<b>TOTAL, 4</b>		<b>34.826.350,46</b>

Achégase a documentación que xustifica a condición de nominativa no orzamento.

Achégase a relación por programas de gasto e a condición de subvención nominativa, na que se relaciona o programa, a Entidade beneficiaria con seu NIF e a finalidade da mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 30 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

**VIII.- CAPÍTULO V.- FONDO DE CONTINXENCIA**

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco, para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei, estende ás Corporacións Locais a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un Fondo de continxencia.

O artigo 31 da citada norma, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluírán nos seus Orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

1.- En cumprimento do previsto no artigo 31 da LOEOeSF, o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 de euros.

2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, e que puidesen xurdir no transcurso do ano 2025.

3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais.

O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL.

Non hai variación en relación co ano anterior, representa o 0,18% do total do orzamentado nos estados consolidados.


**IX.- CAPÍTULO VI.- INVERSIONES REAIS**

O resumo de investimentos faise por grupo de programa, estados consolidados.

No expediente incorporase o detalle dos investimentos, ademais, tamén se fai a relación nun dos informes orzamentarios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 31 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
 DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142


A contía dos investimentos consolidados é de 44.644.462,86 euros, representa un 13,34% do orzamento total.

G. de programa	Investimento	
	Xestor	Importe
132	Seguridade e Orde Público	112.000,00
133	Ordenación tráfico	2.000,00
135	Protección Civil	10.000,00
136	Servizo de extinción de incendios	1.571.937,85
151	Urbanismo	1.265.432,84
153	Fomento	16.605.971,06
161	Abastecemento e saneamento	20.000,00
162	Recollida de RSU	15.000,00
164	Cemiterios	99.346,22
165	Alumeado	50.000,00
171	Parques e Xardíns	3.151.272,46
172	Protección e mellora do M. ambiente	230.000,00
231	Acción Social	62.000,00
241	Fomento de emprego	30.000,00
311	Salubridade pública	4.800,00
323	Promoción educativa	254.000,00
326	Servizos complementarios educativos	28.000,00
332	Bibliotecas e arquivos	25.000,00
333	Museos	665.000,00
336	Patrimonio histórico	213.000,00
337	Ocio e tempo libre	228.000,00
338	Festas	100.000,00
342	Instalacións deportivas	3.337.393,34
431	Comercio	685.000,00
432	Promoción turística	523.000,00
920	Administración xeral	571.000,00
924	Participación cidadá	233.000,00
929	Parque de Servizos	30.000,00
933	Xestión do patrimonio	14.522.309,09
Total		44.644.462,86



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 32 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

O superávit ordinario que financia o plan de investimentos representa un 59,83% da totalidade dos empregos.

O financiamento alleo que corresponde aos empregos en investimentos ten como axentes públicos os seguintes: MITMA, Xunta de Galicia e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Empregos con financiamento alleo correspondentes aos investimentos

Concepto	Proxecto	SUBVENCIONS DE CAPITAL	2025
72091	23153291	Humanización Avd. De Madrid, MITMA	6.100.000,00
75030	24432050	PSTD Bouzas, FMRR, xestión Xunta de Galicia*	649.400,00
75000	24151010	Edificio Esturáns alugueiro social, Xunta	974.145,24
76123	25153208	Humaz. S. Roque entre G. Espino e Ruiseñor, Deputación	1.569.494,74
76126	25153913	Vigo Vertical, P. Colmeiro Cunqueiro- Tarragona, Deputación	1.918.713,53
76127	25153912	Vigo Vertical J. Benavente Torrecedeira, Deputación	759.325,29
76110	14933010	Grada Gol Balaidos, Deputación, 2024-2025	6.576.154,55
Total			18.547.233,35

Forma parte da documentación que conforma o expediente orzamentario, un plan de investimentos que recolle os dos anos 2025 -2028, no que se reflicte as obrigas totais até a data 24/10/203 e anualidades futuras si estivese previsto.


**X.- EMPREGOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO**

O Documento nº 8 “Gastos con Financiamento Afectado”, dos Principios Contables Públicos, aprobados pola Comisión de Principios e Normas Contables Públicas, publicados pola IGAE:

*Cuando en algún ejercicio la exigencia del equilibrio presupuestario inicial de la entidad ejecutora quede incumplida por la necesidad de dotar créditos iniciales, para atender a la ejecución de partes de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 33 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

*una unidade de gasto financiada con recursos afectados que, por haberse materializado en exercicios precedentes, se encontran debidamente integrados en el remanente de tesorería, por la cuantía en que dichos recursos afectados deban financiar la parte del gasto presupuestario a ejecutar en el período, debe presupuestarse inicialmente el correspondiente remanente de tesorería afectado.*

En relación cos recursos que financia o Plan de Rehabilitación de vivenda que está executando a XMU, que se distribúe entre os anos 2023-2025, tivo o seu ingreso, por unha contía de 6,4 millóns no ano 2023, polo que, as contías previstas no capítulo 7 da Xerencia de Urbanismo aplicacións 1510.780300 a 1510.7804100 (1.996.236,8 euros), as previstas nas aplicacións 1510.6013000 a 1510.601004100 (96.287,60 euros) e a correspondente ao capítulo 2, aplicación 1510.2279908 (228.800 euros), suman unha contía de 2.321.324,4 euros, dos que financia os FMRR no concepto de ingreso 871010, 2.320.524,40 euros, formando parte do estado de ingresos dos crédito iniciais ao amparo do Documento nº 8 "Gastos con Financiamento Afectado", dos Principios Contables Públicos.

#### XI.- CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS DE CAPITAL.

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor con destino a financiar operacións de capital dos axentes.

No Orzamento consolidado, a contía é de 3.345.680,80 euros, cunha variación do 8,30% e unha ponderación orzamentaria do 1% sobre o Orzamento total.

Capit.	Entidade	Or. Aut. XMU	Fund. Marco	Fund.CB	Total 2025	Axus.consolidación	Total 2024
7	1.129.444,00	2.216.236,80	,00	,00	3.345.680,80	,00	2.828.046,62

As subvencións máis importantes son as que tramita a Xerencia Municipal de Urbanismo polo programa de rehabilitación de vivenda con cargos aos Fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

En canto a Entidade, están como relevantes os seguintes:


Subvención instalacións deportivas centros educativos.

Axudas a melloras en Instalacións deportivas.

Subvencións entidades cidadás e colectivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 34 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025**

Expediente: 90/142

Subvencións asociadas ao PSTD de Bouzas

Subvencións ao patrimonio histórico relixioso

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Aplicación	Proxecto	SUBVENCIÓN DE CAPITAL	2025
1510.7800000	25151008	Axudas Accesibilidade edificios	50.000,00
1510.7800001	25151009	Axudas Edificios históricos	20.000,00
1510.7670000	25151030	Transferencia para o Plan Actuación CCVV	44.444,00
1510.7800002	25151002	Axudas adecuación vivendas plan de alugueiro social	150.000,00
1510.7803000	23151030	Subvención rehabilitación ERRP Casco Vello	250.008,00
1510.7803100	23151031	Subvención rehabilitación ERRP Bouzas	305.992,00
1510.7803200	23151032	Subvención rehabilitación ERRP Coia	423.960,18
1510.7803300	23151033	Subvención rehabilitación ERRP Santa Clara	113.400,00
1510.7803400	23151034	Subvención rehabilitación ERRP Beiramar	71.307,74
1510.7803500	23151035	Subvención rehabilitación ERRP Espiñeiro Teis	142.594,13
1510.7803600	23151036	Subvención rehabilitación ERRP San Pablo	120.023,06
1510.7803700	23151037	Subvención rehabilitación ERRP San Roque	231.223,56
1510.7803800	23151038	Subvención rehabilitación ERRP Salgueira	101.000,05
1510.7803900	23151039	Subvención rehabilitación ERRP Fenosa	158.339,49
1510.7804000	23151040	Subvención rehabilitación ERRP Gorxal	42.551,79
1510.7804100	23151041	Subvención rehabilitación ERRP ACE	35.836,80
2310.7800000	25231001	Subvención a mellora de fogares	50.000,00
3360.7800010	25336010	Subvención mellora do Patrimonio Histórico Artístico/Relixioso	200.000,00
3420.7700000	25342007	Subvención instalacións deportivas centros educativos	165.000,00
3420.7800011	25342011	Axudas a melloras en Instalacións deportivas	170.000,00
4320.7700000	24432050	Mellora mobiliario e restauración, PSTD, BOUZAS, FMRR	200.000,00
9240.7800010	25924010	Subvencións entidades cidadás e colectivos	300.000,00
Total			3.345.680,80



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 35 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2025

Expediente: 90/142

### XII.- CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS

As dotacións provisionais deste capítulo son de 500.000,00 euros na entidade e de 532.000,00 nos estados consolidados, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao persoal.

A dotación representa un 0,16% sobre o total do orzamento consolidado.

### XIII.- CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCIEROS

O Capítulo IX reflicte o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes operacións de endebedamento financeiro.

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha.

### XIV.- CONCLUSIÓN

En resumo, a totalidade dos créditos consignados no estado de gasto do orzamento son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles a este Concello por tódolos conceptos coñecidos na fase procedimental de formación do proxecto do orzamento para o ano 2025, e polo tanto, suficientes para facer fronte aos contratos vixentes así como aquelas outras necesidades previstas no orzamento e os gastos de funcionamento operativo dos distintos servizos de competencia municipal.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

Conforme:

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 28 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:43	Páxina 36 de 36
90-142	CSV: A7A857-86A642-B25BE5-G5CHSR-ADYCZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		